



Memoria xustificativa do *Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Coristanco para o proxecto senlleiro “Museo da pataca de Coristanco-proxecto de divulgación da historia da pataca”, orientado á mellora da estrutura e infraestrutura do territorio para fortalecer o desenvolvemento do rural galego.*

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento. No mencionado ámbito material, Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos senlleiros que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación, que farán do medio rural un lugar máis atractivo e polo tanto favorecerán tanto a fixación da poboación como das estruturas produtivas. En particular, cómpre acometer proxectos que incidan no ámbito cultural.

Para os efectos sinalados, o 10 de decembro de 2020 formalizouse co Concello de Coristanco o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o 31/12/2021.

O convenio instrumenta a concesión dunha subvención directa, con fundamento no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O carácter singular da actuación, así como as razóns que acreditan o interese público e social reside na creación dun museo temático para por en valor a pataca de Coristanco, considerando a importancia desta produción na comarca de Bergantiños desde o punto de vista etnográfico, económico, agrario, e social e de identificación territorial.

Amparada baixo a Indicación Xeográfica Protexida “Pataca de Galicia”, a pataca de Coristanco é un produto recoñecido en toda a comunidade galega, que busca a diferenciación, en base á calidade e á tradición do seu cultivo, determinante dunha forma de vida dos habitantes da comarca.





A través deste museo búscase pór en contexto histórico a pataca de Coristanco, e achegar este cultivo ao conxunto da poboación, a través de exposicións permanentes baseadas en imaxes, vídeos animados e mostras dos diferentes apeiros de labranza empregados, co fin de mostrar a evolución do sistema agrario coristanqués.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Agader
(asinado dixitalmente)
Inés Santé Riveira

